

# I CONCURSO DE CARTEIS 2016
## 8 de marzo - Día Internacional da Muller

**BASES DO I CONCURSO DE CARTEIS 2016**

• O obxecto deste concurso é a creación dun cartel que forme parte da campaña de SENSIBILIZACIÓN E PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, promovida pola Concellería de Muller do Concello de Ferrol, con motivo da celebración do 8 de MARZO DE 2016, Día Internacional da Muller.

• Poderán concursar todas as persoas en base a dúas categorías:
  a) Maiores de 18 anos
  b) Menores de 18 anos

• Os orixinais realizaranse en papel ou lenzo, en tamaño mínimo A3.

• O material e a técnica utilizada serán libres dentro dos límites usuais para permitir unha normal reproducción fotomecánica.

• Os orixinais deberán incluír un lema ou eslogan relativo á IGUALDADE ou indicativo do día, 8 de marzo (Día internacional das mulleres). O lema deberá estar escrito en galego.

• Os traballos non poden ir asinados polo autor ou autora, que limitará a súa identificación a un lema que estará escrito ó dorso do cártel. Este irá acompañado dun sobre lacrado que porá, no seu exterior, o mesmo lema que o cartel e, no seu interior, introducirase unha nota escrita cos datos personais do autor ou autora: nome, apelidos, enderezo completo, un número de teléfono de contacto e fotocopia do NIF ou CIF, ou calquera outro dato sobre o propio traballo.

• Os traballos deberán enviarse ou entregarse en:
  CIM e Casa da Muller
  Rúa Lugo 56, 2°
  15402 Ferrol
  Tel 981 944124
  casadamuller@ferrol.es

• O prazo para a presentación dos traballos remata o día 29 de febreiro de 2016.

• O faio do xurado farase público o día 1 de marzo e o premio entregarase en acto público o 8 de Marzo.

• Otorgaranse un primeiro premio para maiores de 18 anos e un primeiro premio para menores de 18 anos.

• O primeiro premio da categoría A, será dotado coa entrega ao gañador/a dun bono cultural por importe de 150 €uros, para diversas actividades culturais organizadas polo Concello de Ferrol.

• O primeiro premio da categoría B, será dotado coa entrega ao gañador/a dun bono cultural por importe de 100 €uros, para diversas actividades culturais organizadas polo Concello de Ferrol.

• Os traballos que concursen deberán ser orixinais e non ter sido presentados en anteriores concursos. Cada persoa poderá presentar cantas obras desexe.

• Os orixinais quedarán en poder do Centro de Información á Muller (Concello de Ferrol), que se reserva o dereito de explotación do traballo, producción, distribución , exposición, transformación ou calquera outro tratamento, sempre sen ánimo de lucro.

• Composición do xurado:
  Presidenta: Concelleira de Muller
  Secretaria: Directora do CIM
  Tres Vocais:
    - Dous/dúas vocales relacionados/as co mundo das artes, da imaxe e da educación plástica.
    - Un/ha vocal técnico/a da concellería de Muller.

• O xurado valorará o contido, a capacidade de sensibilización, a orixinalidade e a calidade dos traballos.

• As persoas participantes serán as únicas responsables dos contidos doa seus traballos en canto a esixencias legais de dereitos de autorias ou plaxios, segundo a lei vixente. Cada participante aceptará estas bases. Calquera outra circunstancia non prevista nas mesmas, será resolta polo xurado e as súas decisións será inapelables.

• Todos os carteis serán expostos ao público nas distintas dependencias municipais e/ou espazos públicos e a devandita exposición formará parte dos actos organizados polo Concello de Ferrol para a celebración do Día Internacional da Muller.

FERROL Concellería de Muller cim